

ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS	PROTOCOLO COVID XERAL EDM ACTIVIDADES AUGA (PISCINA DE RIAZOR)
MEDIDAS PREVENTIVAS XERAIS	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Haberá a disposición puntos de desinfección de mans nos accesos da instalación.</li> <li>• Estableceranse medidas necesarias para o mantemento da distancia de seguridade en accesos, vestiarios e duchas, así como na propia actividade.</li> </ul>
	<p>Procurarase manter portas abertas, para beneficiar a constante ventilación.</p>
	<p>Intensifícaranse as medidas de limpeza e desinfección con produtos debidamente autorizados e rexistrados. Incluirase persoal de apoio nos vestiarios para os grupos de menores.</p>
MÁSCARA	<p>O uso da máscara é obrigatorio por parte do alumnado, tanto nos accesos como nos desprazamentos, non sendo obrigatoria durante a propia actividade.</p>
	<p>Recoméndase acudir á piscina con 2 máscaras, unha posta e outra de reposto. <b>Obrigatorio un neceser impermeable personalizado</b> para depositar a máscara na zona habilitada, xunto ao vaso.</p>
	<p>O profesorado dirixirá a actividade tamén con máscara.</p>
ACCESOS E DESPRAZAMENTOS	<p>Estarán dispoñibles dispensadores de xel hidroalcohólico na entrada da piscina e nas saídas dos vestiarios ao vaso.</p>
	<p><b>Nos accesos:</b> manterase a distancia de seguridade. Soamente poderá acceder á instalación o alumnado, sen acompañantes. Acceso á zona do vaso: 5 minutos antes do comezo da actividade. (Estas medidas establécense para evitar a coincidencia de grupos nos vestiarios)</p>
	<p><b>Saída da instalación:</b> Saída da instalación unha vez terminada a actividade, mantendo a distancia de seguridade, pola porta principal. Tempo máximo no vestiario: ata 15 minutos despois da finalización da actividade.</p>
DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	<p>Preferentemente, actividade dirixida e traballo individual.</p>
MATERIAL	<p>O material auxiliar que se empregue durante a sesión será colocado e retirado exclusivamente pola persoa responsable da actividade. Traballarase co menor material posible.</p>
INDUMENTARIA	<p>Bañador, chanclas, toalla, gafas natación e gorro. Máscara de reposto. Neceser impermeable e personalizado para gardar a máscara antes da entrada ao vaso.</p>
	<p>En caso de esquecemento, non se poderá facilitar ningún tipo de indumentaria desde a instalación.</p>
	<p>Mochila ou bolsa para gardar todos os afeños. Esta bolsa haberá que deixala nos lugares habilitados para elo (taquillas ou colgadoiros).</p>
<p>Non é aconsellable levar ningún accesorio ou material de valor.</p>	
USO DE VESTIARIOS E ASEOS	<p>Non estará permitido o acceso de adultos acompañantes ao vestiario. Haberá persoal de apoio para os grupos de menores para supervisar a distancia de seguridade en vestiarios e a circulación pola instalación. Intensifícaranse a limpeza e desinfección dos vestiarios.</p>
COMUNICACIÓN E AVISOS	<p>As consultas ou cuestións canalizaranse a través da oficina de coordinación EDM. Teléfonos de contacto 981189800 – Ext. 25037</p>
	<p>Recoméndase estar pendentes da <b>web de deportes</b> (<a href="http://www.coruna.gal/deportes">www.coruna.gal/deportes</a>), onde se publicará a información e avisos relativos ás EDM.</p>